


DÍA DAS MULLERES
8 DE MARZO



Shirin Neshat

*"Pola cirurxía cultural homes e mulleres convértense en
MEDIAS persoas."*

Evelyn Fox Keller



DÍA DAS MULLERES



Para comezar... comezar...



Chema Madoz

Voume deitar

Mamá e Papá estaban mirando a televisión cando Mamá dixo “estou cansa, é tarde, voume deitar”. Antes de ir para cama pasou pola cociña a preparar os bocadillos para o día seguinte pero como o lavalouza rematara, baleirouno. Sacou a carne do conxelador, controlou se quedaban bastantes cereais e deixou preparada a cafeteira. Foi á tendedeira e puxo a roupa húmida na secadora, a roupa sucia na lavadora.

Antes de apagar o ordenador comprobou o correo electrónico, escribiu unha nota á mestra. Despois lavou a cara coas toallíñas, púxose a crema, lavou os dentes e as uñas. Papá berrou “pensaba que xa estabas deitada”.

“Estou indo”, dixo ela. Pechou a porta da casa con chave e apagou a luz da entrada. Pasou polo dormitorio do pequecho e apagoulle a luz, recolleu a camiseta e os calcetíns para levalos ao cesto da roupa e viu falar comigo que aínda estaba rematando as tarefas da escola por se precisaba axuda.

Xa no dormitorio, puxo o despertador e preparou a roupa para o día seguinte. Nese momento, Papá apagou a televisión e anunciou “voume deitar”. E fíxoo.



POWER POINT:

Voume deitar

Power-point con fotos de Chema Madoz na carpeta de Recursos. DVD adxunto

CUESTIÓNS

1. Quen se encarga do traballo doméstico en case todos os fogares?
2. Quen coida ás persoas enfermas e ás criaturas? Por qué?
3. Sabes o que son os estereotipos de xénero?
4. Cres que os homes tamén son vítimas deste mundo de desigualdade?
5. Cres que os homes son conscientes da súa situación?



Vídeo: *Un soño imposible* I e II. ONU

<http://es.youtube.com/watch?v=4UvE-zlsRYg>

<http://es.youtube.com/watch?v=WCM2dPPH7Jg&feature=related>



IMAXINA...

Que pasaría se as mulleres deixasen de facer todo o traballo que fan nas casas de limpeza, comida, intendencia, educando ás criaturas, coidando das persoas enfermas na casa e nos hospitais?

8 DE MARZO, Día da muller

O oito de marzo de 1908 cento vinte e nove mulleres traballadoras da empresa téxtil “Cotton” de Nova York declaráronse en folga e ocuparon as fábricas reivindicando unhas mellores condicións de traballo. A patronal actuou duramente e chamou á policía para que as fixesen saír. Como elas se negaron a abandonar o edificio, botaron no seu interior bombas incendiarias, queimando ás cento vinte e nove mulleres.

Pouco despois, en 1910 declarouse o oito de marzo o DÍA INTERNACIONAL DA MULLER en lembranza das mulleres mortas en Nova York.



Jordi Labanda

CUESTIÓNS

1. En que sentido podemos considerar a estas mulleres pioneiras?
2. Cres que traballar nunha fábrica pode ser un elemento liberador para as mulleres?
3. As mulleres que avían a súa casa coidando ás criaturas, facendo de comer, limpando, lavando, pasando o ferro, atendendo ás persoas enfermas, etc. Podemos dicir que son mulleres traballadoras?
4. Que che parece máis axeitado falar do “Día da Muller Traballadora” ou do “Día da Muller”?
5. Normalmente cando falamos de traballo a que nos estamos a referir? Que é o que fai que unha tarefa se considere “traballo”?
6. Entendes a diferenza entre traballo reprodutivo e traballo produtivo?

Pódese consultar na web www.igualdadevigo.org as campañas que ten organizado a Concellería de Igualdade de Vigo co gallo do Día Internacional da Muller.

concellería de igualdade
Concello de Vigo

Concellería de Igualdade
Vías Violentas de Xerago

LABORATORIO INTERNACIONAL DE XENERO

Inicio
Detectando as dificultades diarias das mulleres en facer valer os seus dereitos nos ámbitos profesional, social e familiar, o Concello puxo á súa disposición recursos e instrumentos que fomenzan a confianza nelas mesmas para esixir unha convivencia en igualdade.

As distintas necesidades e demandas foron identificadas a través dos servizos municipais de atención ás mulleres, prestando unha especial atención aos casos de agresión e a súa recuperación física e psicolóxica. Ademais, concéñese de que é necesario combater e lutar contra o acoso sexual e o acoso laboral, e coñecer distintos programas destinados a educar as novas xeracións nos valores que garantan a igualdade de oportunidades.

A Oficina de Igualdade, situada na Casa do Concello, axuda a programación de concellos, avalía as políticas de igualdade e fomenta a participación das mulleres en todos os ámbitos ligados a esas accións.


Oficina de Igualdade - Concello de Vigo
Edificio: Casa do Povo, 1. 1º andar. 36202 Vigo.
Teléfono: 986 310 264
Fax: 986 310 262
E-mail: oi@igualdadevigo.org
Horario: de luns a venres de 9:00 a 15:00h.

Síguenos en:
Twitter, Facebook, YouTube, Instagram

Novas
» 04/03/2011
2º Foro de Novas do Centro de Documentación e Recursos Familiares
» 04/03/2011

DÍA DAS MULLERES


Para saber más...



Sabías que...

Cifras achegadas pola **Organización das Nacións Unidas** que amosan a desigualdade que afecta as mulleres:

- Un terzo das familias de todo o mundo está a cargo de mulleres soas.
- O 75% das persoas pobres son mulleres.
- O 75% das persoas analfabetas son mulleres.
- O 80% das persoas refuxiadas ou desprazadas no mundo son mulleres.
- As mulleres cobren o 67% de horas de traballo do mundo, pero só gañan o 10% e son propietarias do 1%
- O salario das mulleres en países industrializados supón entre un 30 e un 40% menos que o dos homes.
- 110 millóns de mulleres e nenas sufriron mutilación xenital, cada ano seguen a ser mutiladas 2 millóns máis.
- Nas guerras, as mulleres son violadas en masa. A violación é utilizada como arma.
- De cada tres mulleres, unha recibe malos tratos no mundo.
- Cada 8 segundos, unha muller é maltratada fisicamente.
- Unha de cada seis mulleres sufriu unha violación na súa vida.
- En China, Bangladesh e Corea do Sur, os infanticidios e os abortos son selectivos. O 99% das vítimas son bebés ou fetos muller. Por esta razón, na China hai 52 millóns de homes máis que de mulleres en idade de casar.
- Haberá que agardar 400 anos para acadar a igualdade laboral entre homes e mulleres (**Organización Internacional do Traballo, OIT**)



No **Informe de Poboación** do ano 2000 de Nacións Unidas, dedicado á violencia contra as mulleres afírmase que: “malia os tremendos cambios do século XX, a discriminación e a violencia contra as mulleres continúan firmemente ancoradas nas culturas de todo o mundo”.

“Non hai actualmente ningunha sociedade onde as mulleres dispoñan das mesmas oportunidades cós homes (...) persiste unha pauta xeneralizada de desigualdade entre as mulleres e os homes en canto ao seu acceso á educación, á saúde e á nutrición, e aínda máis na súa participación nas esferas económica e política”. (**Fondo de Poboación das Nacións Unidas, PNUD**).

CUESTIÓNS

1. Que che sorprende destes datos?
2. Como describirías esta situación?
3. De quen cres que é responsabilidade esta situación?
4. Cres que esta desigualdade entre os sexos pode xerar violencia?
5. Cal cres ti que é a causa da desigualdade entre homes e mulleres?



A **discriminación** das mulleres amósase en todos os campos

Discriminación social: baseada na separación da vida pública e a privada. O home apropiouse da vida social, do poder e dos recursos económicos e á muller encomendáronse as tarefas domésticas, a atención da casa, do seu home, das criaturas e das persoas enfermas. Hai unha diferenza na valoración, no respecto e no prestixio entre os dous sexos.

Discriminación laboral: os homes encargábanse dos traballos retribuídos mentres que o traballo das mulleres era o non pagado. Tanto no traballo asalariado como na taxa do paro hai grandes diferenzas entre homes e mulleres.

Discriminación educativa: ata ben entrado o século XX a muller non podía acceder á universidade. Aos homes inculcábaselles a mentalidade activa e o espírito emprendedor e ás mulleres a docilidade e o coidado. Hoxe a coeducación aínda é un proxecto.

Discriminación sexual: a moral sexual tradicional é permisiva para os homes tolerando o adulterio e as relacións extramatrimoniais e para as mulleres defende a castidade e a fidelidade conxugal. A sexualidade segue aínda vinculada á procreación e custa admitir o pracer das mulleres.

Pensa: Pode un home ser feminista?

Investiga: Coñeces os colectivos de **Homes pola igualdade**?

Imaxina: Que poderían gañar os homes nun mundo de igualdade?



Vídeo: *Unha relación perigosa*

Escena protagonizada por Ben Affleck e Jennifer López. Nesta escena, a parella fala da sexualidade masculina e feminina, a protagonista conduce un diálogo no que desmonta as crenzas da masculinidade tradicional sobre a sexualidade. Comentar esta escena.



CHOIVA DE IDEAS

Trátase de sinalar aspectos nos que atopamos diferenzas e desigualdades entre mulleres e homes no contorno máis ou menos próximo.

- Repara no que ves na túa realidade, no que ves ou les nos medios de comunicación.
- Recolle as achegas no encerado, clasifícaaas e organízaaas.

Texto para pensar: O cambio de sexo

Contamos co exemplo de Morris, famoso escritor de viaxes, membro dunha expedición británica que acadou o cumio do Everest. Era un home que se converteu en muller tras unha operación de cambio de sexo. Sempre se sentiu muller pero se comportou durante moitos anos coma un home. O seu cambio de sexo -e de vida- proporcionoulle unha serie de experiencias que lle permitiron percibir a diferenza entre os mundos nos que habitan as mulleres e os homes; así o relata nun libro de memorias escrito en 1974:

“Dise que a separación social entre os sexos estase a estreitar, pero eu só podo dicir que tras experimentar na segunda metade do século XX a vida nos dous papeis (masculino e feminino), paréceme que non hai ningún aspecto da existencia, ningún momento do día, ningún contacto, ningún intercambio, ningunha negociación ou acordo, ningunha resposta... que non sexa distinta para os homes e as mulleres. O ton de voz co que agora se dirixían a min, a postura da persoa que tiña ao lado, a sensación cando entraba nunha habitación ou me sentaba na mesa dun restaurante, subliñaban constantemente o meu cambio de status.

Se as reaccións dos outros cambiaban, tamén o facían as miñas. Canto máis me trataban como unha muller, máis muller me facía. Adaptábame, queiras que non. Se se supoñía que era unha incompetente para dar marcha atrás nos coches, ou para abrir botellas, atopábame estrañamente incompetente. Se se pensaba que unha maleta era demasiado pesada para min, inexplicablemente así a atopaba eu...”

Jan Morris (1974): *Conundrum*. Oxford University Press, páx. 79
(1976) Versión Castelá: *El enigma*. Ediciones Grijalbo.

REFLEXIONA

Aprendemos as capacidades moitas veces en función do noso sexo. Pero tamén aprendemos a ser incapaces para realizar certas cousas por sermos homes ou mulleres. Isto coñécese como *incapacidades aprendidas*.

PON EXEMPLOS

De capacidades e incapacidades aprendidas como o **bricolaxe** para mulleres, ou para os homes poñer a lavadora.

Cando pensamos nunha muller moi feminina, que atributos lle adxudicaríamos? E a un home moi masculino?



Vídeo: curtametraxe

O vestido novo

Como describirías o que lle pasa ao protagonista?



RESPONDE

Seguramente temos ben interiorizadas cales son as características do feminino e do masculino. Sabemos cando unha muller é feminina ou non é feminina (doce, delicada, non busca a polémica...)

- Como consideramos a un home masculino? (Resolutivo, seguro de si mesmo, independente...). Engade ti outros atributos.
- Cando lle outorgamos os atributos do feminino a un home. Que pasa?
- E viceversa?



Vídeo: Os Simpson

“Mona nos deja”

<http://www.megavideo.com/?s=seriesyonkis&v=X5YGSB5K&confirmed=1>



**POWER POINT:**

Por cada muller hai un home

**CREA**

Esta actividade propón reflexionar sobre os *efectos opresores e empobrecedores que teñen os roles de xénero* para todas as persoas, e crear novas diapositivas no documento de PowerPoint que se vai analizar; pretendendo así facer visibles as *consecuencias negativas que ten para as mulleres o modelo de subordinación dos roles femininos*.

A proposta alternativa de *Homes pola igualdade** ás diapositivas *Por cada muller hai un home*, traballa as **desigualdades** e non só as **diferenzas**. Despois de lelas e pensalas, argumenta cales che parecen que marcan as *diferenzas* e cales as *desigualdades*. Cales delas che parecen máis acertadas?

Estes textos son un exemplo do traballo de *Homes pola Igualdade*, que salientan os dous modelos de masculinidade: o home tradicional e o home igualitario.

- Por cada muller cansada de ser cualificada como "femia emocional" *hai un home que aparenta ser cerebral e frío para manter os seus privilexios*.
- Por cada muller cansada de ser cualificada como "femia emocional" *hai un home a quen se lle negou o dereito a chorar e a ser delicado*.
- Por cada muller que dá un paso cara a súa propia liberación *hai un home que ten medo de perder o seu lugar privilexiado ante ela*.
- Por cada muller que dá un paso cara a súa propia liberación *hai un home*

* Extractado e adaptado de: Luis Bonino, Dani Leal, José Ángel Lozoya, Péter Szil (julio 2002) WEB Hombres por la Igualdad

que redescubre o camiño cara a liberdade.

Por cada muller catalogada de pouco feminina cando compite, *hai un home ao que non lle importa pisar a quen sexa con tal de ser o primeiro*.

Por cada muller catalogada de pouco feminina cando compite, *hai un home que se ve obrigado a competir para que non se dubide da súa masculinidade*.

Para seguir traballando as **diferenzas** e as **desigualdades asociadas aos roles de xénero** propoñemos a creación dun novo PowerPoint coas frases e as imaxes que achegue o alumnado, recordando que sempre deben ir presentadas en pares:

Por cada muller...

hai un home que...

Por cada muller catalogada como pouco feminina cando compite, hai un home obrigado a competir para que non se dubide da súa masculinidade.

Os Homes pola Igualdade propoñen:

Por cada muller catalogada de pouco feminina cando compite, hai un home ao que non lle importa pisar a quen sexa con tal de ser o primeiro.



Canción: Agrupación de Mujeres Violentas de DEFCONDOS

Canción que se xunta no CD

Llora Susana cuando viene del metro por las barbaridades que le grita siempre un viejo.

Hoy son guarradas, mañana tocamientos. ¡Es que vas provocando con esos vaqueros! “Los hombres son así, no les hagas mucho caso,

nunca cambiarán y hay que soportarlos”, le dice su madre, ¡mamá felpudo!, mientras se maquilla los hematomas que firma su marido cuando llega un poco bebido. “Y debes aprender a bajar la mirada y asumir como normal el acoso y la humillación cotidiana del mundo hombruno, mundo peludo, y aguántales, que el universo es suyo”.

Pero hay mujeres que ya están hartas y han decidido empuñar sus armas.

Agrupación de Mujeres Violentas, ¡violentas!

Primera medida preventiva:

spray en los ojos, porrazo en la espinilla.

Segunda medida de autodefensa:

patada en la entrepierna.

Cuando el agresor esté en el suelo adviértele que no vuelva a hacerlo.

Y por si no le ha quedado claro pisotéale un poco el cráneo.

Mujer pensante, mujer despierta, mujer que lucha, mujer violenta.

Acuérdate de las primeras sufragistas y de tantas otras mujeres pioneras que siempre, a contracorriente, han sabido pelear y hacerle frente a ese gran falo que ha ido dibujando la historia, para poner a salvo, fuera de peligro, al cómodo y sagrado dominio masculino. Y ahora te ha llegado el turno de plantarle cara a este problema que también es tuyo.

Mujer pensante, mujer despierta, mujer que lucha, mujer violenta.

Agrupación de Mujeres Violentas, ¡violentas!



- Señala todas as formas de agresión que aparecen no texto da canción.
- Sabendo que é un grupo de homes, que che parece a proposta que fan?
- Seguramente es consciente de que existen outras alternativas, poderías trazar unhas liñas de por onde terían que ir?

Discriminación laboral

Preguntas que orientan “a mirada”...

Na orientación profesional

- Que tipo de orientación académico profesional reciben as rapazas e os rapaces nos centros educativos de secundaria?
- Segundo o Decreto 133/2007, do 5 de xullo, polo que se regulan as ensinanzas da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia:

A orientación educativa garantirá, en especial no cuarto curso, un axeitado asesoramento ao alumnado para favorecer a súa continuidade no sistema educativo ou unha orientación profesional se for o caso. En todo caso, a orientación educativa velará pola igualdade de xénero. (DOG 13-07-07)

- Cres que se podería orientar a mozas e mozos para un futuro laboral sen estereotipos de xénero?
- Que se fai no teu centro neste sentido?
- Achega algunha suxestión para mellorar este aspecto.

No mercado laboral

- Que tipo de traballos dentro do mercado laboral acostuman desenvolver as mulleres?
- Por que as mulleres acceden na súa gran maioría ao mercado laboral polo sector servizos?
- Como é o seu salario en relación aos traballos de igual valor que desenvolven os homes?
- Que outras situacións de discriminación viven as rapazas na súa incorporación e permanencia nos diferentes postos de traballo?
- Por que a entrada no mercado laboral das mulleres non supuxo a entrada dos homes no mundo do traballo doméstico?

A realidade laboral das mulleres é que:

- sofren máis desemprego, non so en épocas de crise
- desempeñan máis empregos a tempo parcial
- realizan máis traballo somerxido
- mulleres cos mesmos estudos teñen menos oportunidades
- sofren máis acoso



BARREIRAS COAS QUE SE ATOPAN AS MULLERES

Externas

1. Conciliar traballo e familia
2. Atribución social de roles muller/home nos perfiles profesionais
3. Influencia de persoas significativas na elección de opcións tradicionais
4. Falta de formación en áreas tradicionalmente masculinas

Internas

1. Baixa autoestima
2. Infravaloración de habilidades
3. Baixas expectativas de éxito
4. Actitude negativa cara ao científico e tecnolóxico
5. Atribución externa para os éxitos e interna para os fracasos

PRENSA

Trata de explicar e comentar as frases ou palabras subliñadas en **negra** no texto.

Máis de 60 empresas comprométense ante a Xunta a eliminar as diferenzas salariais entre homes e mulleres.

Bibiana Aído felicítase polo feito que ‘a igualdade no emprego adquira esta relevancia para os empresarios galegos’.

AXENCIAS – SANTIAGO – 17-07-2008

Un total de 61 empresas comprometéronse por escrito coa Xunta de Galicia a **eliminar as diferenzas salariais entre homes e mulleres**, así como os factores que podían xerar, garantindo iguais posibilidades de formación e promoción a ambos os dous sexos.

Así establécese no Acordo para a Integración da Igualdade na Empresa, polo que as sinaturas pretenden crear unha cultura empresarial igualitaria, integrar este principio na comunicación externa e **sensibilizar en materia de xénero** ás persoas que ostentan cargos directivos.

Outro dos puntos que recolle o texto refírese a identificar as diferenzas entre mulleres e homes para responder aos riscos e condicións do traballo, así como **elaborar respostas organizativas ao problema do acoso sexual e moral por razón de sexo** e fixar medidas para facer efectiva a **corresponsabilidade** da vida persoal e profesional.

Pola súa banda, o acordo obriga a Administración autonómica a subvencionar os custos do **diagnóstico da realidade da empresa en materia de igualdade**, a contratación da **persoa**

especializada en igualdade, así como a mellora da organización da empresa ou a adaptación das instalacións a favor da igualdade.

A Xunta tamén deberá desenvolver a **Lei do Traballo en Igualdade das Mulleres** de Galicia, en particular no relativo á promoción da igualdade nas empresas e a integración do principio de igualdade nas políticas de emprego.

Ademais, o Goberno galego establecerá medidas de apoio económico para a implantación de plans de igualdade para as empresas que os desenvolvan

de maneira voluntaria e dará apoio técnico para impulsar o desenvolvemento da **Marca Galega de Excelencia en Igualdade**.

Este acto contou coas intervencións da ministra da Igualdade, Bibiana Aído; o titular da Xunta, Emilio Pérez Touriño; e o conselleiro de Traballo, Ricardo Varela; así como coa presenza de numerosas autoridades políticas e do ámbito empresarial.

As empresas asinantes deste acordo son Alumina-Aluminio, Banco Pastor, Caixa Galicia, Caixanova, Conservas



Bibiana Aído xunto a Emilio Pérez Touriño. (Foto: EFE)

Alfageme, Construcións Hipólito, Armadores de Vigo, Coren, Corporación Caixa Galicia, El Corte Inglés, O Progreso, Faro de Vigo, Feiraco, Granisa, Granitos de Atios, Hospital Povisa, Hoteis Hesperia, Inditex, Prosegur, PSA Peugeot-Citron, Repsol, Rodman, Sogama, Televés, etc.



Tytti Thusberg, *Hecha polvo*

Blog: <http://tyttithusberg.blogspot.com>

Material didáctico:

- Libro Interactivo sobre Simone de Beauvoir:
<http://www.ciudaddemujeres.com/EspecialesBeauvoir/>
- Bryan Talbot: *Historia de una rata mala*. Editorial Planeta-deagostini cómics. (Incesto, violencia sexual, culpabilización das vítimas, o valor da arte como terapia de curación...).
- Andi Watson: *Estrellitas*. Editorial Norma. (Sobre un pai coidando a unha filla).
- Para máis información: Centro de Documentación e Recursos Feministas de Vigo. Biblioteca Pública Central, 2º andar. r/Joaquín Yañez, 6. 36202 Vigo - Teléfono: 986 229 074



Película: *Business as Usual* "Chantaje a una mujer" de Leslie-Ann Barrett

O acoso laboral



Escena: "Unha adiviña" *Tin cup*, de Ron Shelton

Reflexión sobre os estereotipos





DÍA DAS MULLERES

Outras propostas de actividades





Proxecto BATA: Experiencia interdisciplinar sobre A BATA para celebrar o 8 de marzo no IES Alexandre Bóveda (Vigo 2010)

1º Premio Irene do MEC 2010

@ Espacio wiki do proxecto: <http://proxectobata.wikispaces.com>



Luz Cao

Obxectivos

- Achegar ao alumnado o concepto de *interdisciplinariedade*.
- Ver na **bata de cadros** o símbolo de *traballo invisible*
- Sensibilizar ao alumnado sobre a *importancia do traballo das mulleres*.
- Potenciar a *creatividade*.
- Poñer en valor a *cultura tradicional galega* en conexión coas vangardas artísticas.

Desenvolvemento

1. O tema da *invisibilidade do traballo das mulleres* podería abordarse, cada curso escolar, en todos os niveis educativos, abrangendo a moitos departamentos. Aínda que deberíamos matizar que compre facer un traballo previo de aula que na maioría dos centros acostuma a ser no espazo da titoría.
2. O traballo na aula, tanto na titoría como en calquera outra materia podería comezar cos seguintes recursos feitos polo alumnado: <http://proxectobata.wikispaces.com>
3. Elixo nesta wiki un poema, un vídeo, un texto ou unha foto.
 - Sabes en qué consiste o traballo interdisciplinar en educación?

Cómo o ves reflexido nesta experiencia?

- Onde tes visto mulleres con bata? Que tipo de traballos realizan?
 - Como son as batas dos homes e das mulleres? Por que?
 - Tes pensado algunha vez se as cores das batas marcan diferenzas?
 - Por que cres que a bata pode simbolizar a discriminación das mulleres no traballo?
4. Para seguir aprofundando neste tema suxerimos debater sobre a *invisibilidade do traballo das mulleres*. Cada persoa pode defender o seu punto de vista, pero sempre a través da argumentación.
 5. O alumnado pode facer un texto libre apoiándose na frase do documental: *Galicia é "o paraíso" das batas*.
 6. Pódese aproveitar a idea da experiencia do IES Alexandre Bóveda para organizar unha *performance* no vestíbulo do centro o 8 de marzo. O espectáculo sería unha sorpresa para o resto do alumnado do centro que non estivese involucrado na organización do proxecto. Para levar adiante esta iniciativa é preciso contar coas achegas do alumnado e do profesorado do centro. Sería interesante contar coa colaboración dos departamentos de música, debuxo, filosofía, etc.

A BATA no IES Alexandre Bóveda

8 de marzo do 2010

Hoxe, 8 de marzo, celebramos o día internacional da muller traballadora. O día das mulleres; porque dicir muller é dicir traballo, é dicir coidado, é dicir carga e responsabilidade. Hoxe queremos recoñecer o traballo de todas as mulleres e dignificalo. E aínda que vos pareza un sen sentido, o que vedes aquí é o traballo, a reflexión e o compromiso sobre o significado da prenda que hoxe levamos posta: "A BATA".

Si, esa prenda que vemos nas nosas aboas, nais, veciñas... a todas elas queremos adicarlles hoxe esta festa por todo o que representan: o traballo diario, cheo de afecto, no que dan o mellor delas: todo por amor

Esta homenaxe ás mulleres que tanto traballan nas súas casas, nas súas leiras, cos seus animais, coas redes da pesca, mariscando, limpando as tumbas dos seus defuntos... e sempre ataviadas coa súa BATA de cadros.

Con manga, sen manga, con botóns, abrochadas atrás, ou diante, de cores, de loito ou de alivio, de raias ou cadros ou incluso de flores... Esa bata que se poñen para realizar os traballos que ninguén paga, nin recompensa, nin valora. Estas batas que axudan nese traballo sen horario e sen vacacións, sen pensión e sen horas extras... Esas batas que agochan tanto traballo invisible...

...pero as "Batas" saben das súas alegrías e tristezas, da súa soidade...

Son as batas que levaron todas as mulleres en case todo o mundo. O poder simbólico da bata pon en conexión a todas as mulleres, vincúlanos coas nosas nais, avoas e bisavoas... esa bata que case se converte no traxe nacional galego. Galicia é o paraíso das batas.

Mozos e mozas localizaron unha bata e escribiron un relato coa historia, cada bata fala e di moito. Fóronse facendo os traballos de aula cos relatos, os microtextos e os poemas.

Sodes máis de 400 mozas e mozos. que levades posta a bata, que collicheades nas vosas casas ou nas das vosas avoas, ou lle pedicheades á muller que limpa as escaleiras no voso edificio...

Ben sabemos que cada bata ten a súa historia.

- Esta iniciativa podería ser completada cun traballo individualizado no que cada alumno ou alumna buscara unha bata usada por algunha muller da súa familia e contase a súa historia. O propio vestíbulo podería servir de espazo de exposición deste testemuño.

Temporalización e modalidade

4 horas. Individual e grupal.

Área implicada

Titoría

Áreas que poderían estar implicadas e de que forma

Lingua galega: *Visibilizando o traballo das mulleres en Galicia.*

Ámbito sociolingüístico (nos Programas de Diversificación Curricular), filosofía e ciencias sociais: *A arte de vangarda como elemento crítico e cuestionador da realidade.*

Economía: *O traballo das mulleres e a economía* (a conta satélite).

Tecnoloxía, informática, debuxo, música e educación física: *Obradoiro da montaxe da performance.*

E calquera outra área, materia ou módulo dos distintos niveis educativos: ESO, bacharelato e ciclos formativos de FP, que considere estes materiais axeitados aos seus obxectivos.

Competencias básicas

- Competencia en comunicación lingüística.
- Tratamento da información e competencia dixital.
- Competencia social e cidadá.
- Competencia cultural e artística.
- Competencia para aprender a aprender
- Autonomía e iniciativa persoal.

2

Conta Satélite e o reparto xusto do traballo doméstico



Vídeo: Campaña Concello de Zaragoza




Obxectivos

- Achegar ao alumnado o concepto de conta satélite.
- Sensibilizar ao alumnado sobre a importancia do traballo das mulleres.
- Visibilizar a importancia do traballo de coidado.
- Tomar conciencia de que *non se nace muller, chégase a selo* (Simone de Beauvoir).

Desenvolvemento

1. O tema da *invisibilidade do traballo das mulleres* afecta a economía dun país. Para aclarar esta idea é necesario comprender previamente o concepto de *conta satélite do traballo doméstico*.

A conta satélite de produción doméstica é un instrumento que permite valorar o que suporía en relación ao PIB (Produto Interior Bruto) o traballo realizado no fogar fóra do mercado. Os datos do VEB (Valor Engadido Bruto do traballo doméstico) xerado na produción doméstica en Galicia no 2003 supón o 37% do PIB. O 74% dese traballo doméstico está realizado por mulleres.



DISTRIBUCIÓN DO VEB DOMÉSTICO POR SEXO E FUNCÍONS

(Datos da conta satélite da produción doméstica de Galicia elaborada polo IGE)

Funcións	Homes	Mulleres	Total
Proporcionar aloxamento	8,5%	19,2%	27,8%
Proporcionar comida	7,9%	30,5%	38,4%
Proporcionar roupa	1,6%	10,6%	12,2%
Proporcionar coidados e educación	5,6%	10,6%	16,2%
Traballo voluntario	2,5%	3,0%	5,5%
Valor Engadido Bruto VEB TOTAL	26,1%	73,9%	15.149

A conclusión inicial que se pode deducir é que as mulleres realizan o 74% do traballo produtivo do fogar.

2. Familiarizar ao alumnado cos datos estatísticos da conta satélite. Cada quen tratará de explicar coas súas propias palabras os datos que se achegan.
3. Pasar do xeral ao particular. En cada casa recolleran os datos do traballo doméstico que realiza cada membro da familia tirando as porcentaxes de dedicación, para analizar posteriormente os resultados. Sería conveniente realizar unha gráfica.
4. Facer unha posta en común das achegas individuais e ver cal é o *uso do tempo nos fogares* do grupo, co fin de que o alumnado sexa capaz de concluír por si mesmo que a meirande parte do traballo produtivo do fogar realízano as mulleres.
5. Reflexionar sobre os matices que diferencian estes dous conceptos: axuda e colaboración.
6. Utilizar diferentes fontes de información –biblioteca, prensa, internet...– para aprender a empregar os conceptos: *conciliación e corresponsabilidade*. [Ver vídeo [Corresponsabilidad Concello de Zaragoza](#)]
7. Debater sobre corresponsabilidade e reparto xusto do traballo doméstico.

Temporalización

2 horas

Modalidade

Individual

Grupal

Áreas implicadas

Economía

Matemáticas Aplicadas ás CCSS

Áreas que poderían estar implicadas e de que forma

Ámbito sociolingüístico (nos programas de diversificación curricular), filosofía, antropoloxía e ciencias sociais: *O reparto de roles, a conta satélite e a súa repercusión na vida profesional das mulleres*.

Informática: *Obradoiro da montaxe en PowerPoint dos resultados da investigación*.

E calquera outra área, materia ou módulo dos distintos niveis educativos: ESO, bacharelato e ciclos formativos de FP, que considere estes materiais axeitados aos seus obxectivos.

Competencias básicas

- Competencia en comunicación lingüística.
- Tratamento da información e competencia dixital.
- Competencia social e cidadá.
- Competencia para aprender a aprender.
- Autonomía e iniciativa persoal.

3

Comic: HISTORIETA DE KRHAN: A SUPER WOMAN

Objetivos

- Mellorar o estilo de aprendizaxe aprendendo a *relacionar conceptos*.
- Aprender a *ler imaxes*.
- Expresar oralmente e por escrito opinións ben argumentadas sobre o *rol de xénero e o risco de chegar a ser unha "super woman"*.

Desenvolvemento

1. O tema de simultanear diferentes tarefas fai que a muller compaxine cada día cinco "empregos" a tempo completo: ser nai, compañeira, traballadora, ama de casa e a atención a ela mesma.
2. Encher co alumnado un suposto cadro horario desa "super woman" nos seus cinco traballos.
3. Traballando a *igualdade* tamén se pode mellorar o estilo de aprendizaxe do alumnado. Aprender a *ler imaxes* é un exercicio que estimula a creatividade e obriga a relacionar conceptos. Cada un dos alumnos e alumnas do grupo podería expresar oralmente e por escrito opinións ben argumentadas sobre o *rol de xénero e o risco de chegar a ser unha "super woman"*, baseándose nas imaxes da Historieta de Krahn.
4. *As incapacidades aprendidas*. Reflexionar como na nosa cultura mulleres e homes "aprenden a facer" e tamén "aprenden a non saber facer".
5. *A división sexual do traballo*: tarefas tradicionalmente asignadas a homes ou mulleres segundo a cultura e a época. Podería ser un tema a debater en clave antropolóxica.



Historieta de Krahn

	TRABALLADORA	AMA DE CASA	NAI	ESPOSA	ELA MESMA
07:00 horas	Hoxe hai reunión cos xefes. Hai que ir ben arraxada.	Saca a carne do conxelador e pon a lavadora.	Prepara o almorzo e esperta ao fillo maior.	Vístese sen facer ruído porque el entra máis tarde.	Ducha, colorete e gloss. Non hai tempo para o anticelulítico.
08:30 horas					
12:00 horas			Chama ao pediatra: o pequeno ten problemas, estalle a saír os dentes.		
14:30 horas					
15:30 horas					
19:00 horas	Hora de saída, pero chega o xefe e pon unha reunión.	Pídelle á asistenta que se quede un rato mais.			Apaga o ordenador. Colle o bolso e ve que a novela leva aí un mes
20:00 horas				Ten unha mensaxe: "Ond cñ ests?" Resposta: "Mercando no súper"	
22:30 horas					
24:00 horas			Dálle a medicina ao pequeno. O maior tamén esperta.		
04:30 horas			O maior chama. Vai darlle auga. O pequeno empeza a chorar. Lévaos a durmir con ela.	El marcha para outra cama dicindo: "Aquí non hai quen durma"	

Temporalización

2 horas

Modalidade

Individual e grupal

Área implicada

Titoría

Áreas que poderían estar implicadas e de que forma

Debuxo: *Lectura de imaxes. Traballo con cómic. Fotografía.*

Filosofía: *Análise en clave antropolóxica da división sexual do traballo.*

Ámbito sociolingüístico (nos programas de diversificación curricular), antropoloxía e ciencias sociais: *O reparto de roles e as súas consecuencias na vida cotiá de homes e mulleres.*

E calquera outra área, materia ou módulo dos distintos niveis educativos: ESO, bacharelato e ciclos formativos de FP, que considere estes materiais axeitados aos seus obxectivos.

Competencias básicas

- Competencia en comunicación lingüística.
- Competencia cultural e artística.
- Competencia social e cidadá.
- Competencia para aprender a aprender.
- Autonomía e iniciativa persoal.



Para rematar



Vídeo: *Mulleres e lobos*



